



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados

Febreiro 2018

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de febreiro de 2018**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2017 e anteriores.

FEBREIRO 2018


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadia media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Febreiro 2018

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	%	Var. Int. 18/17
HOTEIS	156.202	1,0%	265.965	4,0%	1,70	2,9%	0,27%	1,95
PENSIÓNS	18.201	-27,5%	47.033	-14,7%	2,58	17,6%	0,12%	-1,83
ESTAB. HOTELEIROS	174.404	-2,9%	312.998	0,6%	1,79	3,7%	22,81%	0,80
APTOS. TURÍSTICOS	3.788	-33,7%	11.247	-25,6%	2,97	12,2%	13,22%	-1,88
CÁMPINGS	225	51,0%	474	83,0%	2,11	21,2%	8,83%	-1,03
TURISMO RURAL	6.272	14,0%	10.875	23,1%	1,73	8,0%	7,48%	1,02
ESTAB. EXTRAHOTEL.	10.285	-9,5%	22.596	-6,7%	2,20	3,1%	-	-
TOTAL	184.689	-3,3%	335.594	0,1%	1,82	3,6%	-	-

- No pasado mes de febreiro Galicia mantén estable o seu nivel de demanda turística regrada en relación ao mesmo período do pasado ano. Nun sentido estrito, o volume de pernoctacións sobe un 0,1%. Tal circunstancia acontece nun contexto no que descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 3,3%- e mellora, en paralelo, a estadia media no conxunto da oferta regrada –un 3,6% en particular-.
- Desde un punto de vista dinámica obsérvase un comportamento irregular da demanda turística regrada neste segundo mes do ano. Logo das caídas rexistradas no período 2009-13, o nivel de pernoctacións consegue estabilizarse en febreiro de 2014, con carácter previo ás subas rexistradas en 2015 –do 3,5%- e en 2016 –do 14,7% neste caso-, elevando a cifra a máis de 340 mil noites. O leve descenso do pasado ano –do 1,7%- diminúe o volume de noites a 335 mil, cifra case equivalente á rexistrada neste 2018.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é diferente. A caída deste ano rompe cunha serie de incrementos consecutivos nos catro anteriores –do 6,0% en febreiro de 2014, do 6,2% en 2015, do 13,0% en 2016 e do 3,0% en 2017-, circunstancia que permitiu superar a barreira dos 190 mil viaxeiros aloxados. O descenso deste ano sitúa o nivel en preto de 185 mil no conxunto da comunidade.
- O dato deste mes de febreiro engádese ao observado no pasado mes de xaneiro, cando o volume de noites se incrementara nun 4,3%, dando como resultado que no conxunto do primeiro

bimestre do ano o nivel de demanda turística regrada en Galicia supera nun 2,1% o dato do mesmo período do pasado ano, rexistrando pouco máis de 651 mil noites no conxunto da oferta regrada. Mantense, por tanto, a evolución positiva da demanda dos últimos meses.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Febreiro 2005-18




- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense na perda de algo máis de seis mil viaxeiros aloxados mais xeráronse apenas 400 novas pernoctacións en relación ao mes de febreiro de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 1,8%- mais un estancamento do volume de noites en relación ao mesmo período do pasado ano –semellante ao que acontece na nosa comunidade-.
- Dúas comunidades de perfíles dispares -Estremadura e Baleares neste caso, con incrementos do 9,2% e 9,0% respectivamente- son as que lideran o crecemento da demanda a nivel estatal. Sitúanse por diante doutras seis sendo en total oito os destinos con comportamento positivo. Neste grupo é a C. Valenciana o destino que amosa o incremento de menor intensidade, máis modesto –de apenas o 2% interanual-.
- Dúas son as comunidades que se manteñen en niveis semellantes aos do pasado ano –son Cantabria e Galicia- e sete, en cambio, os destinos que presentan un comportamento negativo, con descenso da demanda en relación a febreiro de 2017. A caída máis suave sitúase en Asturias, Cataluña e Murcia –inferior ao 1% interanual- mentres que o descenso máis acusado corresponde a Castela e León –destino onde o volume de noites cae un 7,5%-.
- Do lado dos viaxeiros aloxados a situación é semellante sendo tamén neste caso Baleares e Estremadura os destinos que lideran o incremento a nivel estatal –cun 10,0% e 9,5% respectivamente-. Galicia sitúase aquí no grupo de comunidades de comportamento negativo, mellorando soamente os resultados de Castela e León, e A Rioxa.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a undécima posición representando o 1,5% do total de España –posición inferior á rexistrada nos últimos meses de 2017 e en xaneiro

deste ano-. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 8,0 millóns de pernoctacións no mes de febreiro –o 36,1% do total-. Sitúanse a continuación Andalucía –con case 3,4 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con máis de 2,6 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 2,5 millóns- e Madrid –con algo máis de 1,9 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades agrupan ao 83,6% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En febreiro o 93,3% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 79,3%- coma ás pensións –co 14,0% neste caso-. O 6,7% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 3,4% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 3,2% neste caso-. Os cámpings teñen un peso pouco significativo neste mes con apenas o 0,1% do total da demanda –circunstancia propia neste caso dun período de temporada baixa-.
- Esta estrutura da demanda é moi propia e característica dun mes de temporada baixa.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Febreiro 2018



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser con diferenza a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda –absorben a practicamente catro de cada cinco noites dentro do aloxamento regrado-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento claramente dispar. Dunha banda sobe a demanda en tres modalidades concretas: nos hoteis –un 4,0%-, nos cámpings –un 83,0%- e nos establecementos de turismo rural –un 23,1%- . Nos tres casos tal circunstancia débese a un crecemento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados reforzado por unha mellora da estadia media.
- No caso dos cámpings o incremento é moi destacado en termos porcentuais mais fai referencia a un volume moi baixo de pernoctacións –apenas 500 en todo o mes-, circunstancia que fala máis ben dunha variación pouco significativa.

- Doutra banda obsérvase un descenso da demanda nas pensións –do 14,7%- e nos apartamentos turísticos –do 25,6%-, consecuencia tamén en ambos casos dunha caída paralela da cifra de viaxeiros aloxados amortiguada por unha mellora da estadía media.
- En termos agregados obsérvase un leve incremento da demanda no segmento hoteleiro –hoteis e pensións- do 0,6% e unha caída no segmento extrahoteleiro –apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- do 6,7% en relación ao pasado ano. A mellora nos cámpings e turismo rural non consegue superar o descenso rexistrado nos apartamentos turísticos.
- Así pois, o comportamento global da demanda turística regrada neste mes de febreiro vén como resultado de equilibrar dinámicas positivas e negativas en cada unha das tipoloxías de aloxamento consideradas.


Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Febreiro 2018/17, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de algo máis de dúas mil noites no segmento hoteleiro e na perda de pouco máis de 1.600 noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de febreiro do pasado ano. O comportamento é, por tanto, dispar.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu diferenza de comportamento entre os hoteis e as pensións. Esta diferenza trasládase ademais, con matices, ás diversas categorías. En síntese, sobe a demanda en dous segmentos concretos e dispares: nos hoteis de catro e cinco estrelas –un 7,6%- e nos hoteis dunha estrela –un 10,1%-. Mantense relativamente estable nos hoteis de tres estrelas e descende, sen embargo, naqueles de dúas estrelas –un 11,5% en particular-. En todos os casos a variación da demanda vén moi condicionada pola evolución da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados apenas presenta variacións significativas en cada un dos segmentos hoteleiros.
- No lado das pensións obsérvase neste caso un comportamento homoxéneo, con caídas de similar intensidade. En concreto, descende o volume de noites nas pensións de tres e dúas estrelas –un 13,2%- e naquelas dunha estrela –un 16,4% en particular-.


- Neste mes de febreiro o 81,0% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 19,0% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e aseméllanse bastante á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 83,0% mentres que o internacional representa o 17,0%-. Esta distribución é propia dun mes de temporada baixa no que o peso do turismo estranxeiro queda por debaixo do 20%.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Febreiro 2018




- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar neste mes de febreiro, con variacións de diversa dirección e intensidade. O turismo nacional presenta un comportamento negativo pois descende o volume de noites dos españois un 3,0% en relación ao mes de febreiro de 2017 –consecuencia dunha caída da cifra de viaxeiros, do 4,6%-. É o segundo ano consecutivo no que descende o turismo nacional en Galicia neste segundo mes –xa en febreiro do pasado ano caera a demanda un 4,6%- deixando o nivel final en preto de 272 mil noites – dato inferior ao de 2016 e 2017 mais superior ao rexistrado no período 2011-15.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Febreiro 2018/17



- O turismo internacional presenta en cambio unha dinámica positiva superando nun 3,1% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 15,8% o volume de noites de febreiro de 2017. Neste caso son catro anos consecutivos de crecemento do turismo internacional en Galicia no mes de febreiro –a taxas variables- que sitúan os niveis deste 2018 en máis de 31 mil viaxeiros e en preto de 64 mil noites –o dato máis elevado desde o 2008-.
- O mellor comportamento relativo do turismo internacional fronte ao nacional permite ao primeiro gañar peso na estrutura da demanda en Galicia e acadar neste segundo mes do ano o 19,0% de cuota sobre o total. A cifra é pequena e propia dun mes de temporada baixa mais desde unha perspectiva dinámica obsérvase que nunca antes o mercado internacional acadara o 19% de peso no mes de febreiro. Sendo, por tanto, un mes con baixo peso do turismo estranxeiro este continúa a gañar cuota de demanda no mercado turístico galego. Similar circunstancia acontecera xa no pasado mes de xaneiro.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado mantense igual en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. O turismo nacional descende tanto no segmento hoteleiro –un 2,6%- coma no extrahoteleiro –un 8,1% neste caso-. O mercado internacional, en cambio, sobe e mellora en ambos segmentos do aloxamento –un 16,8% no ámbito hoteleiro e un 1,2% no extrahoteleiro-. O bo comportamento do turismo internacional concéntrase, por tanto, no segmento hoteleiro.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,82 noites, cifra que se incrementa nun 3,6% en relación ao pasado ano. A evolución da estadía media nos últimos anos é dispar, alternando períodos de crecemento con caídas sen marcar unha tendencia clara. Por sétimo ano consecutivo a estadía media no mes de febreiro fica por debaixo das dúas noites de media.


Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Febreiro 2018



- Os apartamentos turísticos son a modalidade que presenta as estadías máis elevadas, con preto de 3,0 noites de media neste mes de febreiro. As restantes tipoloxías rexistran cifras máis baixas e variables: con preto de 2,6 noites nas pensións, 2,1 noites nos cámpings e 1,7 noites nos hoteis e nos establecementos de turismo rural.

- En termos dinámicos a estadía media varía de forma homoxénea en relación coas diferentes tipoloxías. Sobe e mellora en todas elas mais con diversa intensidade. Os incrementos máis notables sitúanse nas pensións –sobe un 18%- e nos cámpings –cun incremento neste caso do 21%-. O crecemento máis modesto sitúase nos hoteis, coa suba do 3% neste caso.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas a cifra de Galicia sitúase nunha posición intermedia superando os valores de cinco comunidades autónomas. Novamente Canarias –cunha media de 7,6 noites- é o destino que rexistra o valor máis elevado de toda España. Con catro noites sitúanse a continuación Baleares e a C. Valenciana, por diante de Murcia –que presenta un promedio de 3,4 noites-. No lado contrario é Estremadura o destino que presenta o valor máis baixo con menos de 1,7 noites de media.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Febreiro 2018



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase igualmente un comportamento dispar. Sobe e mellora nos hoteis –en case dous puntos porcentuais- e nos establecementos de turismo rural –un punto neste caso-. En ambas tipoloxías a mellora vén como consecuencia do incremento da demanda, medida en pernoctacións.
- Nas restantes tres modalidades empeoran, en cambio, as cifras de ocupación, con descensos dun punto porcentual nos cámpings e de case dous puntos nas pensións e nos apartamentos turísticos.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 27,4% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos establecementos de turismo rural –cun 7,5% neste caso-.